

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021755	IES Cabo Ortegal	Cariño	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	17
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos xerais das etapas regúlanse no artigo 7 do decreto 156/2022 para a ESO e no artigo 7 do decreto 157/2022 para o Bacharelato, sendo estes os que a continuación se expoñen.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
 - b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
 - c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
 - d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
 - e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
 - f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
 - j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
 - k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
 - l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
 - n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:
- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
 - b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
 - c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
 - e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O sistema educativo considera indispensables para o adecuado desenvolvemento persoal do alumnado e a súa inserción e participación activa na sociedade poñer o foco do proceso educativo na adquisición das competencias clave.

Os obxectivos da etapa e as competencias clave/perfil de saída que debe lograr o alumnado ao finalizar a etapa son o resultado de sumar todas as aprendizaxes adquiridas nas áreas e nas materias dos diferentes cursos. Polo tanto, todas as áreas e as materias contribúen para alcanzar a meta formativa: acadar os obxectivos da etapa e ter habilidades e destrezas nas oito competencias clave.

Na educación secundaria obrigatoria defínese o perfil de saída a través dos descritores operativos de cada competencia clave, sen embargo en bacharelato non existe perfil de saída, aínda que o seu currículo presenta descritores operativos para as competencias clave coa finalidade de orientar sobre o que se pretende conseguir. Cada unha das programacións didácticas reflectirá no seu punto 2 "Obxectivos e Competencias" a forma na que cada materia contribúe cada un dos obxectivos a ditas competencias clave, xa que a vinculación entre estas e os retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, e proporcionará a base para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente.

A metodoloxía empregada, os contidos e os principios pedagóxicos contribuirán a que ao final da etapa se adquiran as seguintes competencias:

- a) Ser capaces a expresarse de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais.
- b) Ser capaces de comprender, interpretar e valorar con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- c) Poder ler e interpretar con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade.
- d) Usar eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas.
- e) Saber utilizar métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas.
- f) Ser quen de utilizar o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor.
- g) Saber emprender accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos.
- h) Ser capaces a xestionar e utilizar a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas.
- i) Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- j) Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica

sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

k) Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo.

l) Entender os conflitos como elementos naturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.

m) Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

n) Desenvolver empatía e xenerosidade, e todas aquelas habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

Os principios pedagóxicos establecen pautas para a intervención educativa na etapa orientando ao profesorado en aspectos e cuestións relevantes, estando regulados no artigo 17 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, para a educación secundaria obrigatoria, e no artigo 18 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para o bacharelato.

Estas pautas versan sobre aspectos como:

- A prevención de dificultades de aprendizaxe, con posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización e alternativas metodolóxicas. Atender á diversidade do alumnado, favorecendo que aprendan por si mesmos, traballar en equipo e aplicar métodos de investigación.

- A adquisición dun desenvolvemento adecuado das competencias clave.

- A integración das diferentes aprendizaxes do alumnado, promovendo a autonomía e reflexión, e favorecendo o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, técnicas e hábitos de investigación e a aprender por si mesmos. Neste sentido teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas para cada unha das materias, e entendemos que as tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas elas.

- A realización de proxectos significativos e relevantes, para o cal o IES Cabo Ortegal terá en conta convocatorias, concursos ou iniciativas propostas dende a Consellería de educación tales como o club de ciencias, Plan Proxecta, Polos creativos...

- As estratexias de comprensión de lectura, para o cal o centro desenvolverá a denominada "Hora de ler" enmarcada dentro das liñas de actuación da Biblioteca Escolar, e na que, no horario establecido polo equipo de biblioteca, profesorado e alumnado dedicarán un tempo inicial da sesión para a lectura. Así mesmo establécese a participación do centro na convocatoria anual de clubs de lectura.

- O desenvolvemento do currículo de todas as linguas, concretándose no proxecto lingüístico do IES Cabo Ortegal aquelas medidas a tomar para a impartición do currículo integrado das linguas. Así mesmo as linguas oficiais utilizaranse como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estanseiras, priorizando a comprensión, a expresión e a interacción oral. Neste senso, o IES Cabo Ortegal participará en convocatorias tales como Eduexchanges, Digitalweek, Programa CUALE e desenvolverá a sección bilingüe de Tecnoloxía no 2º curso da ESO.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Debemos diferenciar entre elementos transversais que se deben tratar en todas as áreas/materias/ámbitos e os elementos transversais que se deben tratar nalgún momento da etapa educativa, sen embargo estes últimos nos se excluirán de ser tratados en todas as áreas/materias/ámbitos.

O IES Cabo Ortegal velará, a través dos departamentos didácticos, polo desenvolvemento destes elementos transversais, de xeito que as programacións didácticas das distintas materias reflectirán o modo en que se abordará o tratamento dos mesmos en cada unha delas. Así mesmo, nos distintos plans e proxectos do centro serán tidos en conta contidos de ensino e aprendizaxe relacionados con eses eixos transversais non incluídos directamente no currículo.

Como criterios xerais para incluír a presenza dos elementos de carácter transversal nas materias e ámbitos propoñemos os seguintes:

a) Integrar os elementos transversais no traballo diario da aula.

b) Relacionar os obxectivos das programacións cos principios dos elementos transversais.

c) Integrar os contidos propios de cada materia e ámbito cos principios dos contidos transversais.

d) Facilitar a libre expresión do alumnado, amosando sempre respecto a toda a comunidade educativa.

e) Organizarase a práctica docente de modo que estimule a diversidade no pensamento.

f) Potenciarase a acción tutorial como medio para favorecer no alumnado actitudes de participación e responsabilidade.

- g) Definirse de xeito explícito nas actividades curriculares e extracurriculares o tratamento da educación en valores para que a educación cumpra a misión de contribuír á formación integral do alumnado.
- h) Transmitirse ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática e incentivarase a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.
- i) Eliminarase todo tipo de discriminacións e de estereotipos sexistas, practicando unha educación en igualdade que transmita ao alumnado unha formación crítica e integral coa finalidade de preparalo para unha vida futura respectuosa na que a igualdade de dereitos e oportunidades sexa unha realidade.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Para a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos definidos nos puntos anteriores deste documento, haberá que establecer uns criterios comúns que terán en conta a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e deberanse tomar medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

Estes criterios xerais serán:

- a) Desenvolveremos unha metodoloxía activa e cooperativa, favorecendo o traballo individual e en grupo para intentar acadar os obxectivos e as competencias correspondentes.
- b) Promoveremos no noso alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que se converta na base da súa formación.
- c) Fomentarase o traballo en equipo do profesorado coa finalidade de garantir a coordinación de todos os membros dos equipos docentes de cada grupo.
- d) Teranse sempre en consideración o fomento do uso das novas tecnoloxías e da aprendizaxe práctica dos contidos na aula como recurso útil para desenvolver tarefas de ensino e aprendizaxe. Para tal fin promoverase o uso da aula virtual, a participación do centro no proxecto Edixgale a procura de información na rede de xeito seguro e autónomo.
- d) Nas programacións didácticas deberán figurar as estratexias que desenvolverá o profesorado a fin de alcanzar os obxectivos a través dos criterios de avaliación e os mínimos avaliábeis que estean previstos en cada materia ou ámbito. Así mesmo figurarán tamén os métodos a empregar para conseguir o dominio das competencias clave.
- e) Porase especial atención á diversidade do alumnado, procurándolle unha atención personalizada e desenvolvendo medidas de reforzo ou ampliación naqueles casos en que se estime oportuno levalas a cabo. Neste senso, aquel profesorado que teña dispoñibilidade horaria, realizará apoios dentro da aula a aquel alumnado con necesidades educativas que o necesiten. Realizaranse así mesmo reunións iniciais do departamento de orientación cos equipos docentes nos que se establecerán pautas xerais a seguir na aula multinivel.
- f) Desenvolveranse, tal e como expuxemos nos principios metodolóxicos, actividades que permitan ao alumnado o dominio da comprensión e expresión tanto oral coma escrita, polo que será preciso telas presentes e traballalas en todas as áreas do currículo.
- g) Deberanse ter presentes á hora de elaborar as programacións didácticas, todos os plans e proxectos nos que participa o centro, coa intención de seguir os criterios metodolóxicos que nos mesmos se recollen.
- h) Teranse en conta as directrices que estean recollidas no Proxecto Lingüístico a fin de impartir un currículo integrado das linguas e de respectar en cada materia o uso da lingua vehicular que se reflicta na Addenda anual do mencionado proxecto.
- i) Todo o proceso de ensino aprendizaxe deberá estar planificado de xeito que se recolla con claridade cales son as metas a alcanzar, os recursos a utilizar, os métodos que se consideran máis idóneos e a forma en que se levará a cabo a avaliación de todo o proceso.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A selección e usos de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial dentro da metodoloxía e o profesorado debe implicarse na elaboración.

Os principais materiais e recursos didácticos empregados figurarán nas diferentes programacións didácticas, e tendo en conta que estes son cada día máis numerosos debemos ter en conta unha serie de criterios xerais que sirvan de guía para poder selecciónalos, empregalos e comprobar se os que se utilizan compren adecuadamente ou non os cometidos que se propuxeron.

Dado que o noso centro participa no proxecto Edixgal na Educación Secundaria Obrigatoria, engadido ao auxe da tecnoloxía nas aulas (plataformas de videoconferencia, aulas virtuais, paneis dixitais...), moitos dos recursos educativos hoxe en día son recursos tecnolóxicos, algúns deles compartidos, pero aínda así debemos ter presente a

importancia de realizar unha boa elección e utilización dos mesmos.

- a) Non deben ser discriminatorios e deben atender á diversidade do alumnado, polo que o deseño e/ou elección de materiais deberán estar adaptados aos distintos niveis así como aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe que poida coexistir na aula.
- b) O departamento de Orientación terá gran importancia nas dotacións a realizar nas aulas de apoio e/ou materiais para o alumnado con necesidades educativas.
- c) No caso de materiais en aulas específicas (laboratorios, talleres...), estes deben cumprir as normas de seguridade e hixiene, e debendo estar coordinado e supervisado o seu uso polo departamento correspondente. Serán os departamentos didácticos en cuestión os que poidan determinar normas de uso que virán reflectidas, de selo caso, nas NOFC do centro.
- d) Todos aqueles materiais que sexan adquiridos por un departamento, deberán estar correctamente inventariados, indicando onde se atopan e quen é/son os responsables dos mesmos.
- e) Xa sexan dixitais ou físicos, deberase facer un bo uso tanto por parte do profesorado como do alumnado dos materiais e recursos empregados.
- f) Potenciarase o uso de materiais e recursos variados, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe e que permiten o acceso a recursos virtuais. Neste senso, o alumnado da ESO dispón dun portátil co que seguir o proceso de ensino e aprendizaxe, e o centro dispón de dúas aulas de informática que todo o profesorado poderá empregar integrando así as novas tecnoloxías no currículo. As normas de uso destas aulas veñen reflectidas nas NOFC.
- g) En cada aula o alumnado disporá de, polo menos, un panel dixital ou unha pizarra dixital, un ordenador con conexión a internet e unha pizarra clásica.
- h) A Biblioteca escolar promoverá a consulta de fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, así como a manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

INCREMENTO DA CARGA LECTIVA DAS MATERIAS DE 1º e 2º DA ESO

O centro dispón de dúas horas de libre disposición para aumentar a carga lectivas dalgunhas das materias de 1º e 2º da ESO. Unha vez aprobado en sesión de Claustro, as materias que ven aumentadas as súas horas lectivas semanais serán:

- En 1º ESO: Lingua Galega e literatura (pasando a ter 4 horas semanais) e Bioloxía (pasando a ter 4 horas semanais).
- En 2º ESO: Lingua Galega e literatura (pasando a ter 4 horas semanais) e Música (pasando a ter 3 horas semanais).

PROXECTO COMPETENCIAL

O proxecto competencial poderá ser desenvolvido por calquera dos departamentos didácticos. Primarase a dispoñibilidade horaria dos departamentos.

EXENCIÓN DA MATERIA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

O alumnado proposto para estar exento da materia 2ª lingua estranxeira: Francés, recibirá dúas horas de reforzo lingüístico que poderá ser impartido, en función da dispoñibilidade horaria, polos departamentos de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Latín, Filosofía, Música.

ESTABLECEMENTO DE ITINERARIOS

O IES Cabo Ortegal é un centro pequeno e que conta cun número baixo de alumnado en relación con outros centros de ensino secundario, o que fai que durante o último trimestre do ano realízanse unhas "prematriculas" que servirán para amosarnos as diferentes eleccións do alumnado no que ás materias optativas se refire. Isto colle principal relevancia nos cursos máis altos (4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato) dado que aquelas materias nas que non exista alumnado suficiente, tanto no caso das materias de opción como no caso das materias optativas, serán eliminadas da folla final de matrícula e ofreceráselles ao alumnado, se así o desexasen, cursalas a distancia en horario de tarde. Isto permitirá elaborar itinerarios nas matrículas de xuño de xeito que a gran maioría do alumnado poida optar a cursar as súas eleccións marcadas previamente na prematricula.

ÁMBITOS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Cando algún curso académico se imparta o programa de diversificación curricular de 3º e/ou 4º da ESO, en función da dispoñibilidade horaria, os departamentos que poderán impartir cada un dos ámbitos serán:

- Ámbito Lingüístico Social: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Latín, Filosofía, Música.
- Ámbito Científico Tecnolóxico: Matemáticas, Tecnoloxía, Bioloxía, Física e Química, Economía, Debuxo.

O Ciclo que se imparte no IES Cabo Ortegal, é o ciclo medio modular de adultos "Sistemas microinformáticos e redes" que se impartirá ao longo de catro cursos académicos coa seguinte distribución modular:

ALUMNADO QUE NON CURSA ENSINAZAS DE RELIXIÓN EN BACHARELATO

Este alumnado recibirá unha hora de afondamento e/ou reforzo de primeira lingua estranxeira: Inglés, que impartirá o departamento de Inglés.

CICLO "Sistemas microinformáticos e redes"

O ciclo modular de adultos desenvólvese en horario de tarde, rotando anualmente os seus módulos, de xeito que cada curso escolar se imparte:

Curso 1

- Sistemas operativos monoposto: 6 horas.
- Sistemas operativos en rede: 6 horas.
- Aplicacións ofimáticas: 8 horas.

Curso 2

- Montaxe e mantemento de equipamentos: 9 horas.
- Redes locais: 8 horas.
- Empresa e iniciativa emprendedora: 2 horas

Curso 3

- Seguridade informática: 5 horas.
- Servizos en rede: 6 horas.
- Aplicacións web: 5 horas.
- Formación e orientación laboral: 4 horas.

Curso 4

- Formación en Centros de Trabajo: 410 horas anuais.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O alumnado terá dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias como xeito de coñecer as realidades e afondar en aspectos tratados nas aulas, poñer en contacto os coñecementos coa realidade, fomentar a motivación por aprender, lograr a súa formación integral e favorecer a súa curiosidade e creatividade, polo que debemos integralas adecuadamente dentro do conxunto de actividades do centro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias son programadas polo Centro para o seu desenvolvemento dentro do horario por iniciativa da Dirección, dos Departamentos Didácticos ou de entidades sen ánimo de lucro.

a) Todas as actividades figurarán nas programacións didácticas (de non ser así deberán ser aprobadas polo Consello Escolar).

b) Publicaranse no calendario da páxina web do centro para unha correcta difusión das mesmas entre toda a comunidade educativa.

c) Os alumnos deben comportarse axeitadamente neste tipo de actividades, podendo, de non facelo, aplicarse as medidas correctoras que figuran no Plan de Convivencia do centro, e podendo ter o comportamento inadecuado a consecuencia de quedar excluídos da participación nas mesmas durante un período estipulado pola Xefatura de Estudos en coordinación co profesorado tutor.

d) Cando un alumno/a non asista a unha actividade complementaria, deberá traer asinado polos seus pais ou tutores legais un documento onde se xustifique a súa ausencia. No caso de que un alumno/a non asista á actividade, non veña á clase e tampouco presente o documento que xustifique a súa ausencia, considerarase como unha falta de asistencia inxustificada.

e) As charlas e conferencias levaranse a cabo preferentemente nas últimas horas da mañá, e sempre dependendo da dispoñibilidade horaria do conferenciante, así como doutras actividades ou exames que xa estiveran fixados de antemán nesa data e horario. É recomendable que as actividades sexan programadas, como mínimo, cunha semana de antelación, sinalándose nese momento o grupo/s aos que van dirixidas.

f) A súa coordinación correrá a cargo do/a Vicedirector/a e do/da profesor/a implicado na mesma.

g) O custo do transporte nestas actividades correrá a cargo do centro, entendendo que son actividades propostas polos departamentos sempre que se desenvolvan dentro da comunidade autónoma.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

No relativo ás actividades extraescolares cabe destacar:

- a) En canto á elección do día para cada actividade, teranse en conta as preferencias e dispoñibilidade horaria do profesor/a que imparta a actividade respectiva ao igual que a demanda do alumnado participante.
- b) Se se necesitase utilizar o ximnasio para realizar algunha destas actividades, non poderán en ningún caso interromper as actividades lectivas e deberán contar co visto bo da Xefa do departamento de Educación Física.
- c) Todas as excursións e saídas do Centro figurarán nas programacións didácticas ou na PXA, en caso contrario deberán ser aprobadas polo Consello Escolar.
- d) Son os/as Xefes/as dos Departamentos Didácticos os que se encargarán de programar e propoñelas ao/á Vicedirector/a, que coordinará e agrupará, sempre que se poidan compaxinar, as distintas propostas de visitas a un mesmo lugar e procurando non facer coincidir dúas excursións a diferentes lugares no mesmo día.
- e) Para realizar unha saída didáctica non será necesario un tanto por cento mínimo de alumnos/as participantes na mesma, sen embargo no caso en que houbese pouco alumnado para participar na saída, será/n o/os Departamento/os organizador/es da actividade os que decidirán finalmente sobre a súa realización ou non.
- f) Non se suspenderán en ningún caso as actividades lectivas para aqueles alumnos/as que non participen nas actividades complementarias. Cando o número de alumnado participante na actividade supere o 50%, recoméndase ao profesorado que imparta clase nese grupo/s de alumnos non avanzar nos contidos da materia e dedicar as horas a actividades de reforzo, recuperación ou ampliación.
- g) En canto ás datas de realización das actividades, é conveniente:

- Distribuílas ao longo do curso.
- Evitar a súa realización no período de exames finais de cada unha das tres avaliacións.
- Non fixar ningún exame dentro do horario de realización de actividades destinadas a todo o alumnado do Centro, e celebradas por motivos específicos como poden ser os Festivais de Nadal, Entroido, Día das Letras Galegas ou o andaina de Fin de Curso.

Dentro das actividades extraescolares, no que respecta ás VIAXES DE ESTUDOS que se realizan ao longo do curso deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

1. Para a realización de cada unha das viaxes didácticas é necesaria a participación como mínimo do 50% do alumnado ao que se lle oferte a viaxe. Sen prexuízo disto, o profesorado que organiza a viaxe pode establecer un mínimo superior ao anteriormente citado.
2. Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversas actividades para recadar cartos para as distintas viaxes. Os/as alumnos/as inscritos/as participarán nas actividades que desexen, de xeito totalmente voluntario.
3. O feito de participar nunha actividade implica que os cartos obtidos serán entregados na vicedirección do centro nos prazos e datas que se indiquen.
4. O alumnado non poderá organizar ningunha actividade sen contar antes co visto e prace da dirección do centro. Calquera actividade realizada por conta allea non poderá empregar o nome do IES Cabo Ortegal como reclamo.
5. Os cartos adiantados nas diferentes mensualidades dos/das alumnos/as que teñan algún motivo plenamente xustificadísimo para non acudir finalmente á viaxe, ou que si manifestasen a súa intención de participar e a viaxe non se leve a cabo, serán devoltos na súa totalidade.
6. No caso dos alumnos/as que decidan non participar nunha viaxe e non teñan motivo xustificadísimo, a súa recadación será repartida entre o alumnado inscrito na viaxe.
7. No caso de que unha saída didáctica finalmente non se poida levar a cabo porque o número de participantes baixe do mínimo establecido no punto 1 deste apartado, os cartos dos/das alumnos/as que non teñan ningunha xustificadísimo repartiranse entre o alumnado que participe no resto das viaxes que se vaian a celebrar no presente curso.
8. No caso de que ningunha das viaxes se poida levar a cabo porque o número de participantes baixe do mínimo establecido no punto 1 deste apartado, os cartos dos/das alumnos/as que non teñan ningunha xustificadísimo quedarán en custodia do instituto e serán repartidos entre o alumnado que participe nas distintas viaxes que se organizacen no vindeiro curso.
9. O custo do transporte de desprazamento, ben sexa a un determinado aeroporto ou ben ao lugar de destino por facerse por estrada, correrá a cargo do centro ata un máximo de 1500€, non subvencionándose en ningún caso os posibles desprazamentos que fosen necesarios no lugar de destino.
10. Deberase cumprir a ratio dun profesor/a por cada 20 alumnos e alumnas. En caso de non haber profesorado voluntario suficiente que cumprir a citada ratio para acompañar á viaxe ao alumnado, esta deberase suspender.
11. Sempre que se considere necesario, e sempre cumprindo a ratio alumnado-profesor, unha nai/pai poderá acompañar ao alumnado e ao profesorado na viaxe, entendendo sempre que esta persoa irá como apoio ao profesorado, non tendo ningunha potestade sobre o alumnado que acude á viaxe.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN

- Incrementar o alumnado que recupera as materias pendentes.
- Incrementar o alumnado que promociona ou titula.
- Mellorar as capacidades e competencias clave do alumnado.
- Asegurar as aprendizaxes básicas para poder seguir con aproveitamento o curso no que se atopa o alumnado.

CRITERIOS DE ELABORACIÓN DO PLAN REFORZO DE RECUPERACIÓN

Para a elaboración do plan de reforzo para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores seguiranse os seguintes criterios e indicacións:

- Unha vez finalizada a avaliación final na Educación Secundaria Obrigatoria, a Xefatura de Estudos elaborará unha listaxe do alumnado que promociona de curso con materias suspensas seguindo o ANEXO I "Alumnado con materias pendentes (por departamento e curso)". En dito documento especificarase o alumnado por curso e departamento que promociona con materias pendentes de recuperar e cales son esas materias.

- O anterior Anexo, servirá para que Xefatura de estudos poña en coñecemento de cada un dos xefes de departamento e do profesorado titor o alumnado que deberá seguir o plan de reforzo para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas o curso anterior.

- Así mesmo, o/a profesor/a da materia suspensa coa que promociona, elaborará ao finalizar o curso académico un breve informe seguindo o ANEXO II "Informe final do alumnado que promociona coa materia non superada", no que se detallará alo menos a evolución do alumnado no curso, as circunstancias que provocaron a non superación da materia e as recomendacións cara o seguinte curso para poder recuperala.

- O plan de reforzo para a recuperación de materias pendentes será elaborado polo profesorado que imparte a materia do curso no que se atopa a/o alumna/o, sendo o departamento didáctico, baixo a coordinación da/do xefa/e de departamento, o que marque as directrices a seguir no citado plan unha vez analizados os informes existentes do curso anterior.

- Este plan de reforzo deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna/o, partindo dos coñecemento previos e do informe final que cada profesor/a elabore.

- Para a elaboración do citado plan seguirase o ANEXO III "Plan de reforzo para a recuperación de materias pendentes", ou no caso de estar dispoñible poderase cumprimentar na aplicación Xade. Deberase indicar, de selo caso, a programación de actividades e/ou probas de avaliación que deberá realizar o alumnado, de tal xeito que no caso de non superar a materia pendente, convocaráselle no mes de maio a unha proba final na semana que marque a xefatura de estudos.

- Unha vez que cada docente teña elaborado o plan, remitirao á Xefatura de Estudos e ao profesorado titor, sendo este último o encargado de poñelo en coñecemento da familia na reunión inicial de curso. Para dito fin empregárase o ANEXO IV "Acreditación da información do Plan de reforzo á familia".

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O departamento didáctico será o encargado de velar pola realización do plan, e o seu seguimento será realizado polo profesorado implicado de forma que:

- O informe final do profesorado do curso anterior servirá de punto de partida para a elaboración do plan.
- Alo menos unha vez por trimestre, e sempre unhas semanas antes das avaliacións, realizarase unha reunión do profesorado encargado da elaboración do Plan coa Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación, na que se realizará un seguimento dos plan elaborados e o avance do alumnado implicado.

- En cada sesión de avaliación analizaranse os resultados e realizaranse propostas de mellora segundo a viabilidade do desenvolvemento do plan. Así mesmo acordarase a información que se transmitirá ás familias e ao alumnado en relación ao seguimento do plan segundo o ANEXO V "Seguimento trimestral do plan".

- Será na avaliación final cando o profesorado decidirá sobre a súa avaliación, debendo ter avaliación positiva no plan de reforzo individualizado para superar a materia pendente, e que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN

- Incrementar o alumnado que promociona ou titula.
- Mellorar as capacidades e competencias clave do alumnado.
- Asegurar as aprendizaxes básicas para poder seguir con aproveitamento o curso no que se atopa o alumnado.
- Mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.

CRITERIOS DE ELABORACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO

Para a elaboración do plan específico para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso seguiranse os seguintes criterios:

- Unha vez finalizada a avaliación final na Educación Secundaria Obrigatoria, a Xefatura de Estudos elaborará unha listaxe do alumnado que repite curso indicando as materias non superadas que impediron a promoción seguindo o ANEXO I "Alumnado repetidor (por departamento e curso)". En dito documento especificarase o alumnado que repite por curso .

- O anterior Anexo, servirá para que Xefatura de estudos poña en coñecemento do equipo docente e do profesorado titor o alumnado que deberá seguir este plan específico personalizado.

- Así mesmo, o/a profesor/a da materia suspensa coa que promociona, elaborará ao finalizar o curso académico un breve informe seguindo o ANEXO II "Informe final do alumnado que promociona coa materia non superada", no que se detallará alo menos a evolución do alumnado no curso, as circunstancias que provocaron a non superación da materia e as recomendacións cara o seguinte curso para poder superala.

- O plan específico personalizado será elaborado polo equipo docente do curso no que se atopa a/o alumna/o baixo a coordinación do profesorado titor, que será o encargado de redactalo segundo as directrices marcadas polo profesorado implicado unha vez analizados os informes finais do curso anterior. É dicir, o profesorado que imparte no curso actual a materia non superada elaborará un breve informe que deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna/o partindo dos coñecemento previos e do informe final do curso anterior, unha vez redactado enviarlo ao profesorado titor que será o encargado de redactar o plan con todos os informes achegados.

- Para a elaboración do citado plan seguirase o ANEXO III "Plan específico personalizado para alumnado repetidor", ou no caso de estar dispoñible poderase cumprimentar na aplicación Xade.

- Unha vez elaborado, o plan será posto en coñecemento da familia a través do profesorado titor na reunión inicial de curso empregando o ANEXO IV "Acreditación da información do Plan de reforzo á familia".

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O equipo docente será o encargado de velar pola realización e desenvolvemento do plan, e o seu seguimento será realizado polo profesorado implicado en coordinación co profesorado titor nas diferentes sesións de avaliación:

- O informe final do profesorado do curso anterior servirá de punto de partida para a elaboración do plan.
- En cada sesión de avaliación analizaranse os resultados e realizaranse propostas de mellora ANEXO V "Seguimento trimestral do plan".
- E na sesión de avaliación final informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento, transmitindo dita información ás familias e ao alumnado segundo o ANEXO VI "Avaliación do plan".

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

As datas das diferentes sesións de avaliación do curso académico serán aprobadas polo Claustro na segunda sesión ordinaria, tentando sempre unha distribución o máis equitativa nos días lectivos de cada unha delas.

Os equipos docentes serán convocados ás sesións de avaliación a través dun documento no que figurará o día e hora da sesión do curso correspondente, así como unha duración aproximada de cada unha delas, polo que todo o profesorado terá a obriga de asistir a ditas sesións, non podendo abandonalas, agás causa xustificada, ata o seu remate.

No que respecta ao seu desenvolvemento, será o profesorado titor o encargado de dirixila, tomando nota dos aspectos máis relevantes así como daqueles acordos e propostas realizadas, tanto a cada alumnado individualmente como de forma xeral ao grupo. Todo iso quedará reflectido nunha acta de avaliación, que unha vez redactada será

enviada ao equipo docente para a súa revisión e posterior sinatura de todos os membros. A acta finalmente entregárase na xefatura de estudos que será a encargada de custodiala.

Unha vez finalizado o trimestre correspondente, analizaranse na Comisión de Coordinación Pedagóxica os datos e resultados obtidos, propoñendo as medidas de mellora cando fose necesario.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

PROMOCIÓN NA ESO (1º, 2º, 2º PMAR, 3º ESO e 3º PMAR)

As decisións sobre a promoción do alumnado serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente do alumnado, valorando se a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte, se se estima que ten expectativas favorables de recuperación e se a promoción beneficiará a súa evolución académica.

A repetición será considerada unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a, polo que poderá terse en consideración o feito de que un alumno/a tivese medidas de atención á diversidade no curso.

Un alumno/a PROMOCIONA ao curso seguinte se despois da avaliación final cumpre algún dos tres puntos seguintes:

1. Supera TODAS as materias cursadas.
2. Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA ou DÚAS materias/ámbitos cursadas/os (as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente e ademais teranse en conta sempre neste cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores de selo caso).
3. Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN MÁIS DE DÚAS (considerándose ao igual que no punto anterior para este cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores) pero cumprindo a dúas seguintes condicións:

- A media aritmética das cualificacións é igual ou maior que 5.
- A suma dos períodos lectivos das materias ou ámbitos con avaliación negativa non é superior a dez (pendentes e horas de libre disposición non se consideran).

PROMOCIÓN NO BACHARELATO (1º DE BACHARELATO)

Un alumno/a PROMOCIONA a 2º de Bacharelato se:

1. Supera TODAS as materias cursadas.
2. Ten AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA ou DÚAS materias como máximo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

TITULACIÓN NA ESO (4º ESO)

As decisións sobre a titulación do alumnado serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente do alumnado, valorando se a/o alumna/o adquiriu todas as competencias establecidas e alcanzou os obxectivos da etapa.

Un alumno/a TITULA se cumpre algunha das dúas condicións seguintes:

1. Supera TODAS as materias cursadas.
2. Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NALGUNHA/S MATERIA/S (considerándose ao igual que no punto anterior para este cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores) pero sempre que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou maior que cinco.

TITULACIÓN NO BACHARELATO (2º BACHARELATO)

Un alumno/a obterá o TÍTULO de Bacharelato se cumpre algunha das dúas condicións seguintes:

1. Ten avaliación positiva en TODAS as materias dos dous cursos de bacharelato.
2. Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA MATERIA pero cumprindo TODAS seguintes condicións:
 - A media aritmética das cualificacións é igual ou maior que 5.
 - Non se produciu inasistencia continuada e non xustificada.
 - A/O alumna/o presentouse ás probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Criterios xerais: As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra (as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media para tal efecto).

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro

docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra (Artigo 12 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

Criterios prioritarios: En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo ao establecido nos seguintes criterios ordenados por orde prioritario:

- 1º. Maior nota media no 4º curso da ESO.
- 2º. Maior nota media no expediente académico da ESO.
- 3º. Maior número de materias do ESO con cualificación de sobresaínte.
- 4º. Sorteio público.

BACHARELATO

Criterios xerais: O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a 9 puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra. (Artigo 18 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

Criterios prioritarios: En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo o establecido nos seguintes criterios ordenados por orde prioritario:

- 1º. Maior nota media no 2º curso do Bacharelato.
- 2º. Maior nota media no Bacharelato.
- 3º. Maior número de materias do Bacharelato con cualificación de sobresaínte.
- 4º. Sorteio público.

CICLO

Os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado título profesional de formación profesional no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no grupo sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder á matrícula de honra nun título profesional sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se pode conceder segundo o criterio establecido neste parágrafo, a concesión realizarase coa nota media do título, ordenado de maior a menor nota.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño, logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario remate o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN E ENTREGA DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións didácticas dos distintos departamentos serán elaboradas polo profesorado que imparte a materia e sempre en coordinación coa Xefatura do Departamento en cuestión e deberán ser únicas para cada nivel. Todas elas serán elaboradas no aplicativo PROENS, de forma que o profesorado da materia elaborará e redactará cada un dos apartados, para que unha vez rematada de proceda a pechar a programación e a poñela a disposición da xefatura do departamento, que será a encargada de revisala e poñela a disposición da dirección do centro.

Será en última instancia a xefatura de estudos a que supervisará todas e cada unha das programacións, para finalmente poñelas a disposición da inspección educativa no caso de non existir erros ou solicitudes de emendas.

Todo este proceso deberá estar rematado a finais do mes de setembro, agás que dende a inspección educativa se ditara e marcara outro prazo de entrega.

GUIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Todas as programacións didácticas deberán incluír os seguintes puntos:

1. Introducción .
2. Obxectivos e competencias.
3. Unidades didácticas:
 - Relación de unidades didácticas.
 - Distribución do currículo nas unidades didácticas.

- Avaliación das unidades didácticas.
4. Metodoloxía.
- Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación.
- Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
6. Atención á diversidade.
7. Transversais.
- Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
8. Práctica docente.
- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
9. Outros apartados que o profesorado poderá engadir se así o desexa.

RESUMOS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Xunto coa programación didáctica, cada xefe/a de departamento deberá remitir un resumo da programación da materia por curso, que será elaborado por cada profesor/a da materia correspondente, e que fará referencia a: Unidades distribuídas por trimestres, como se van a desenvolver os contidos ao longo do curso, criterios de cualificación e procedementos de avaliación, procedemento de recuperación da materia do curso anterior, libros e recomendacións. Seguirase para iso o ANEXO "Resumo programación didáctica" que se facilitará ao inicio de curso. Unha vez elaborados os resumos de cada materia, estes remitiranse á xefatura do departamento que os aunarán nun único pdf que deberá remitir ao correo do centro, para finalmente colgalo na web e que poida así estar dispoñible para todo o alumnado e as súas familias, pretendendo con isto facilitar a comprensión e revisión dos aspectos máis relevantes do curso académico.

AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

O profesorado realizará o seguimento de cada unidade didáctica no aplicativo PROENS, para que unha vez ao mes o departamento didáctico realice unha valoración conxunta do seguimento das materias.

Rematado o curso escolar, os departamentos didácticos avaliarán as programacións tendo en conta os seguintes criterios:

- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
 - A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
- O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% dirástranse ao igual que no apartado anterior accións de mellora de cara ao curso seguinte.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O IES Cabo Ortegal fomentará a participación en proxectos, plans e programas que contribúan a unha óptima atención á diversidade, a inclusión, as TICs, a innovación educativa e o fomento das linguas e hábito lector.

O procedemento para levalos a cabo seguirá os seguintes pasos:

- A dirección do centro analizará a viabilidade de levalos a cabo.
- Apróbaranse en sesións de Claustro e Consello Escolar todos aqueles proxectos, plans e programas nos que participará o centro e que así o demanden as súas convocatorias.
- A partir dos plans e proxectos aprobados créase un grupo de traballo relacionado, de forma que todos os implicados no proxecto deben comprometerse a participar activamente nel.

CONVOCATORIAS ANUAIS DA CONSELLERÍA

O IES Cabo Ortegal fomentará a participación nos seguintes proxectos:

- PLAMBE

O IES Cabo Ortegal participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o ano 2011, e prenténdese seguir dando continuidade a este plan paraseguir facendo da biblioteca escolar un centro neurálxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrezca recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa.

- CLUB DE LECTURA

Consideramos que a formación do club de lectura é unha boa fórmula para fomentar o hábito lector polo feito de incluír as condicións necesarias para motivar ao lectores e lectoras adolescentes: a posibilidade de comunicación cos seus iguais, a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinión sobre as lecturas propostas.

Así pois, coa posta en marcha cada ano dun club de lectura, tentárase promover a participación dun grupo de alumnos e alumnas para compartir as súas inquedanzas lectoras, contando coa mediación dun profesor/a que conduza todo o proceso. Contarase coa colaboración da Biblioteca e coa participación da comunidade educativa (Proxecto Lector), procurando formar lectoras e lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura como necesidade lúdica e medio de desenvolvemento persoal e social.

- CLUB DE CIENCIAS

Coa creación dun club de ciencias no IES Cabo Ortegal, preténdese xerar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas (sempre a través da indagación e a aprendizaxe colaborativa) que aumenten o interese das alumnas e alumnos participantes sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Trátase dunha acción enmarcada dentro da Estratexia Galega de Educación Dixital.

- PLAN PROXECTA

Esta iniciativa da Consellería lévase a cabo a través de diferentes organismos, e vai dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Todos os programas que forman o plan (44 na convocatoria 2019-2020) son programas de diferentes ámbitos, e elixiranse de forma anual aqueles que mellor se adaptan ás características do centro.

- EDIXGAL

Dende o curso académico 2017-2018, o IES Cabo Ortegal foi seleccionado para formar parte da rede de centros Edixgal en 1º da ESO despois de presentar o proxecto segundo a Resolución do 22 de maio de 2017, e que tivo a súa continuidade en 2º da ESO nos seguintes cursos académicos. Dende o ano 2021 o centro estendeu a súa participación aos cursos de 3º e 4º da ESO.

O proxecto Educación Dixital (EDixgal) ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular. Permite dotar ao centros co equipamento e infraestruturas necesarias para o funcionamento das TIC na educación, e a utilización do libro dixital.

Outro eixo que formula, é o que consiste en dotar ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais, así como de aplicacións para a mellora da comunicación entre as familias e o centro (Aplicación Abalar Móbil).

- FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Entendemos a formación do profesorado como elemento fundamental para dar resposta aos retos educativos, conseguindo unha mellora da competencia profesional dos docentes e contribuíndo así ao desenvolvemento dunha ensinanza de calidade e equidade.

A Formación do profesorado no noso centro permitiranos planificar e articular as actuacións que, con respecto á formación consideremos necesarias, sempre permitindo atender ás necesidades detectadas no contexto do propio centro.

Tentaremos seguir na liña marcada nos últimos anos nos que se formaron seminarios e/ou grupos de traballo encamiñados a mellorar o funcionamento da biblioteca escolar, a programación e avaliación competencial, resolver e afrontar con garantías a atención resultante da diversidade do noso alumnado, a mellora da competencia dixital...

- POLOS CREATIVOS

Con esta iniciativa colaborativa e comunitaria o centro pretende albergar prácticas de investigación e experimentación que sirvan de axuda para a aprendizaxe e servizo á comunidade.

- **EDUEXCHANGES**

Esta iniciativa contempla medidas e accións para a mellora da competencia lingüística en linguas estranxeiras., e preténdese promover a través dela o intercambio entre alumnado dun centro educativo doutro país que permita crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre eles.

- **DIGITALWEEK**

Pretendemos que o alumnado mellore as súas competencias en comunicación lingüística en inglés e as competencias dixitais, tentando a mellora da comunicación oral en lingua inglesa a través de actividades dixitais e outras complementarias que promovan a actividade física e a socialización.

- **CUALE**

Sempre que a dispoñibilidade horaria dos departamentos de linguas estranxeiras o permita, tentarase desenvolver este programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística, que ten como obxectivo proporcionar oportunidades para que o alumnado acredite o seu dominio en linguas estranxeiras.

- **PROA+**

Sempre en función das necesidades do centro, solicitarase a participación neste programa cuxo obxectivo é garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

OUTROS PLANS E PROXECTOS ENMARCADOS NO PROXECTO EDUCATIVO E FUNCIONAL DO IES CABO ORTEGAL

Enmarcados dentro do desenvolvemento curricular e organizativo do centro, destacan os seguintes plans desenvolvidos máis polo miúdo nos correspondentes documentos:

- **PLAN DE ORIENTACIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento institucional que desenvolve as medidas xerais de atención á diversidade, concretando as actuacións dos distintos profesionais, os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento.

Será o instrumento que guíe a planificación e concreción anual das medidas educativas de atención á diversidade en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles no marco da Programación Xeral Anual.

- **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

O Plan de Acción Titorial, é o documento que recolle a organización e funcionamento das titorías que se van a realizar no centro, así como o conxunto de actividades encamiñadas á orientación personalizada do noso alumnado, tanto no educativo como no persoal e no profesional. O plan proporcionará así os elementos que possibiliten as estratexias necesarias de actuación, a coordinación dos axentes que interveñen e as actividades específicas para conseguir un bo funcionamento das titorías.

- **PLAN DE IGUALDADE**

Aínda que nos documentos do IES Cabo Ortegal xa figuran recollidas unha serie de medidas para favorecer a igualdade no noso centro, este Plan de recente creación, axudaranos a descubrir a tempo as condutas problemáticas e a facer reflexionar a toda a comunidade educativa sobre aqueles aspectos que por costume, por educación e por tradición nos pasan desapercibidos no día a día e que están tan apartados do que realmente debería ser unha sociedade con igualdade de trato e de oportunidades para todos os colectivos.

Permitiranos marcar uns obxectivos na promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero, na promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, e na prevención, detección e intervención en casos de LGVTIfobia. Estes obxectivos tentaranse acadar cunhas medidas concretas de actuación, tanto no que respecta á organización do centro como na xestión dos espazos e recursos, na eliminación dos estereotipos de xénero e na inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

O Proxecto Lingüístico recollerá a regulación consensuada dos usos lingüísticos comunicativos, e a súa adecuación en todos os aspectos da vida do centro (ensino, materias, documentos, actividade...), sempre encamiñados á mellora do ensino. Tentará sempre garantir que o noso alumnado acade unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou familiar. Neste proxecto concretaranse as medidas para a

impartición do currículo integrado das linguas: criterios metodolóxicos básicos, de terminoloxía que se vaia a empregar así como o tratamento que se lle vai a dar aos contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

- **PROXECTO LECTOR E ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA**

O Proxecto Lector é o documento que integra todas as intervencións do IES Cabo Ortegal destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas, procurando a adquisición das competencias básicas, especialmente a de comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Os obxectivos fundamentais son: desenvolver a competencia lectora, favorecer a competencia literaria, educar no uso crítico da información, fomentar o hábito da lectura, e apoiar a adquisición de competencias básicas.

- **PLAN DIXITAL**

Con este plan márcanse anualmente as liñas de actuación para acadar obxectivos que permitan favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

- **PROXECTO DE VIDA ACTIVA E HÁBITOS SAUDABLES**

Este plan pretende marcar as liñas de actuacións necesarias para o fomento da práctica diaria de deporte, e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular estará sempre sometida a un proceso de revisión e avaliación por parte do persoal docente de cara a súa modificación e mellora, podendo ser revisada en calquera momento se as necesidades do centro así o aconsellan.

Ao inicio de cada curso escolar analizarase a situación do centro, valorando todos aqueles aspectos que poidan influír nesta concreción, tales como: nova precisión normativa, cambios na composición do claustro, cambios na oferta do centro coa autorización/supresión de ensinanzas/unidades, novos recursos ou espazos dispoñibles, a participación nun plan determinado... Todas estas variacións serán analizadas en sesión de CCP e aprobadas polo Claustro de profesorado unha vez introducidas as modificacións pertinentes.

Esta concreción curricular estará dispoñible para toda a comunidade educativa a través da aplicación PROENS e na páxina web do IES Cabo Ortegal.

o) Outros apartados

1. EXAMES

No relativo á realización de exames e probas ao longo do curso escolar teranse en conta os seguintes aspectos:

- O alumnado disporá en cada unha das aulas dun calendario trimestral no que ir anotando as diferentes probas.
- Tentarase non marcar máis de 2 exames finais por día.
- Na ESO os exames realizaranse no horario lectivo, e no Bacharelato os exames poderanse realizar en horario de tarde.
 - No caso dos exames de materias pendentes, exames finais das convocatorias ordinarias e extraordinarias, Xefatura de Estudos, en coordinación co Equipo Docente, elaborará un calendario de exames que será presentado finalmente ao alumnado.
 - Cando un alumno/a, por causas de forza maior non poida asistir a un exame de avaliación nas datas establecidas, poderase repetir a proba cando existan causas xustificadas documentalmente.